



En Camiño

Boletín informativo das parroquias de
Santa María da Franqueira, San Bartolomeu da Lamosa e Santiago de Prado da Canda

Ano I. Nº 2. Novembro 2021

Limiar

Sen darnos conta o ano vai de remate. Xa estamos no mes de Santos. O inverno entra nos nosos fogares facendo que esteamos buscando o calor do lume que quece os nosos corpos. Os días van a menos. A luz esmorece. Poida que sexa un tempo de saudade, de pecharnos e nos entrar en comunicación cos demais. Non caiamos no erro de nos aillar. Non esteamos tempos mortos diante do televisor esperando boas novas. A mellor noticia pona Deus no teu corazón.

Este mes iremos organizando os grupos sinodais para abordar os temas que nos propón a Diocese. Atrévámonos a atoparnos para dialogar, para escoitarnos, para atopar xuntos camiño deixándonos inspirar polo Espírito.

Faremos o inicio da catequese con entusiasmo e ánimo renovado. Poñamos empeño e facermos do itinerario catequético un labor da Igrexa, todos somos acompañantes da fe dos máis novos coa nosa palabra e o noso exemplo.

Vivamos con ledicia a Misa do domingo celebrando a nosa fe e pondo vida en cada encontro.

Este mes celebramos a novena de Ánimas, lembremos aos nosos familiares e amigos finados.

Na fin de mes comezaremos o advento para facermos o camiño de preparación das festas do Nadal.

Xabier Alonso



DOMUND

Le pedí a mi amiga Francisca, religiosa de María Inmaculada y que está realizando la misión en Brasil, que, con motivo del Domund nos enviase su testimonio. Aquí os lo entrego para que vivamos más la misión.

Domund 2021 *“Lo que he visto y oído”...*

Comienzo dando gracias a Dios por los 15 años que llegué a Brasil, ha sido para mí, un tiempo de gracia y sorprendentemente me siento en proceso de evangelización.

La presencia misionera de las Religiosas de María Inmaculada en Brasil, se extiende por este inmenso territorio de norte a Sur: Desde la isla de Marajó en la desembocadura del río Amazonas hasta el Sur del país, en Rio Grande do Sul... atendiendo una “mínima” parte de su población; 50 millones de Jóvenes, mayor que la población de nuestra querida España...

Brasil, cuenta también con 8 millones de Empleadas de Hogar, que junto con los jóvenes son nuestro foco en la evangelización y transformación social a través de las familias donde sirven y la dignificación de su trabajo. En la pandemia son las que más han sufrido despedidas, la mayoría sostienen la familia y aumentando su precaria situación.

Como veis, nuestra presencia es todavía “insignificante” para estas bastas dimensiones, pero unidas a tantas y tantos misioneros evangelizadores de otras instituciones eclesiales, laicos comprometidos y la fuerza que nos viene de todos vosotros, de ti, que nos estás leyendo... conseguimos ser una “pequeña presencia”, que sin grandes medios ni fuerzas, consigue marcar diferencia y participar con el Pueblo, venciendo tantas “pequeñas” batallas contra el hambre, la violencia, la falta de educación, de oportunidades para nuestros jóvenes... compartiendo la vida y la Buena Noticia de Jesús, desde la acogida, la prevención, la escucha, la formación integral, la preparación para el trabajo, creando nuevas oportunidades y sobre todo, creyendo en cada uno de ellos.

Tenemos la dicha de “ver”, “escuchar” y “presenciar” en tantos momentos “los milagros” que se realizan en ellos, alcanzando sus sueños, sus metas, progresando en su formación y realización personal. En este camino de ENCUENTROS, siempre salimos todos “enriquecidos”



Hoy me encuentro realizando esta misión en el gran São Paulo, (pastoral urbana, tan necesitada como la rural), próximas a la mayor favela de la ciudad: Heliópolis, donde la marginalidad de todo tipo es muy fuerte. Atendemos una pequeña escuela de alumnos que vienen de allí, con un lindo proyecto CAVIM, (Centro de Apoyo Vicenta María) para después de las clases, con los más necesitados y vulnerables familiarmente, donde comen, meriendan..., encuentran un ambiente de amistad, con actividades recreativas, formativas y de tiempo libre.

¿Cómo hemos realizado nuestra misión durante más de año y medio de pandemia? Con muchas dificultades; económicas, de comunicación... ha crecido de forma alarmante el hambre, los “moradores da rua” donde la calle es la habitación de más de 25 mil personas... Pero la SOLIDARIDAD nos ha desbordado dentro de la misma población creándose muchos mecanismos para recoger y distribuir alimentos, donde hemos estado colaborando, especialmente con las familias de nuestros alumnos que había que mantener alimentados... Solamente aprovechando la generosidad de los pequeños gestos ha hecho posible de nuevo, el milagro de los “cinco panes y dos peces”



No olvides que tu poco, unido al otro poco... realiza “los imposibles de Dios”

María Francisca Enríquez RMI

XORNADA DOS POBRES

No día **14 de novembro** o Papa Francisco convida a toda a Igrexa a celebrar a 5ª edición da xornada dos pobres. É unha invitación a introducirmos no sentido máis primixenio do que significa a pobreza.

As persoas que están nesta situación son irmáns e membros desta comunidade humana e cristiá. Somos todos unha familia na que non podemos deixar a ninguén fora. Sempre estarán connosco, pero non para acostumarnos e a que teñamos unha actitude indiferente ante as súas vidas. Son presenza do Señor e reclamo da denuncia das inxustizas nas que este mundo se constrúe ou máis ben se destrúe.

NOVENA DE ÁNIMAS

Comezará o día **11 de novembro, xoves, para rematar o venres 19.**

O horario da novena será o seguinte

De luns a venres

A Lamosa ás 4 da tarde, Prado da Canda ás 5 e A Franqueira ás 6

Sábado Prado ás 10, Lamosa ás 11 e Franqueira ás 6 da tarde

O **Solemne Acto de ánimas** celebrarémoslo o sábado 20 de novembro no seguinte horario

Prado da Canda ás 10 da mañá

A Franqueira ás 11 da mañá

A Lamosa ás 12,15 da mañá

ROSARIO E MISA POLOS DEFUNTOS CADA MES

A partires do mes de decembro daremos comeza nas parroquias unha nova invitación. A primeira semana de cada mes teremos un encontro de oración que será como explico a continuación.

1.- Rezo do rosario tendo especial atención ás intencións do papa para ese mes

2.- Celebración da Misa, encomendando aos defuntos da parroquia. Teremos cada mes polos falecidos nos últimos anos. Por exemplo: en xaneiro os que faleceron no mes de xaneiro nos últimos 25 anos, ou para atrás. Cal é o obxectivo? Lembrar a todos os membros da nosa comunidade e polo que necesitamos tamén rezar. Comezamos así a celebrar unha Misa de intención comunitaria. É un encontro de fe con Cristo Resucitado para encomendar aos nosos finados e poñelos nas mans misericordiosas do Pai.

En **Prado da Canda** será o **1º xoves** de mes

Na **Lamosa** o **1º venres** de mes

Na **Franqueira** o **1º sábado** de mes.

Este ano a oliveira do adro da Lamosa está cargadiña de olivas



DIA DA IGREXA DIOCESANA

O día **7 de novembro** celebramos a xornada da Igrexa diocesana. É unha oportunidade para dar contas da nosa identidade como Igrexa de Tui-Vigo e da nosa xestión económica. Cada actividade das parroquias necesita dun apoio económico para poder ser realizado. A catequese, a formación dos axentes de pastoral, a restauración dos templos, a construción de locais, as actividades con nenos e mozos, a atención aos maiores e enfermos. Se imos dando un repaso dámonos conta da importancia dalgunhas cousas:



Non podemos pensar na Igrexa como se fose unha empresa, pero non podemos estragar as cousas nin ser inxenuos.

A xestión é responsabilidade dos católicos, pois é grazas a aportación xenerosa e desinteresada podemos seguir adiante. A nosa Igrexa amámola como a nosa nai.

Que non facemos as actividades por querer ser máis, nin ter maior protagonismo, nin por ganar adeptos, senón para transmitir e vivir o evanxeo, por levar adiante a vocación bautismal á que nos ten chamado o Señor.

Que necesitamos ser transparentes e dar as contas claras, sen ruborizarnos, e sen pensar que poidan criticar ou dicir que son as contas da conveniencia. Non hai nada que ocultar.

Que seguimos a necesitar axuda para continuar o labor evangelizador e caritativo.

Que a Igrexa somos todos.

Grazas.

Podes facer o teu donativo por internet

Entras en <https://www.donoamiiglesia.es> e segues os pasos para facer o teu donativo á parroquia.

Deste xeito a doazón entra directamente en conta e podes solicitar na parroquia o recibo para desgravar na túa declaración da renda

A screenshot of the 'donoamiiglesia.es' website. The top banner features the text 'con tu ayuda' in a stylized font over a background image of people. Below this, there are three circular buttons: 'donar a mi parroquia', 'donar a mi diócesis', and 'donar a la Conferencia Episcopal'. The 'donar a mi parroquia' button is highlighted. Below the buttons, there is a form with a label 'DONAR A MI PARROQUIA'. The form includes a field for 'Ciudad o Código Postal' with a placeholder 'Escribe o código postal'. To the right, under the heading 'Quiero donar', there is a grid of buttons for different donation amounts: 1000€, 500€, 250€, 100€, 50€, 35€, 15€, and 5€. A small '€' symbol is at the bottom right of the grid.



CAMPAÑA NADAL DE CÁRITAS

O día **5 de decembro** despois de finalizada a Misa das **5 da tarde**, no Santuario da Franqueira, teremos un **Concerto solidario** a cargo do compositor e cantante **Rubén de Lis**. O conxunto da obra está titulada **O Nadal do camiño**, facendo unha clara referencia ao Ano santo compostelano. Con esta primeira acción comezamos a campaña de Nadal de Cáritas inetrparroquial coa que poderemos abordar o labor de apoio e acompañamento ás familias da comarca.



No concerto tamén teremos unhas rifas solidarias. Sorteamos agasallos que farán as delicias de nenos e maiores, incluso unha espléndida cesta con produtos de nadal que está valorada en **100€**.

Animarse a participar e colaborar coa nosa Cáritas.

O pouco con Deus é moito.

Colabora coa nosa Cáritas


A LAMOSA

Compartimos con todos esta fermosa foto da imaxe da Virxe do Libramento da Lamosa. Esta instantánea é obra do fotógrafo afincado en Vigo e de recoñecido prestixio Pacheco e que ten o seu arquivo na Casa das Artes da cidade. Posiblemente realizada a comezos do século XX recolle a estampa entrañable de catro nais portando nos seus brazos aos nenos que presentan á Virxe, sobre os seus ombreiros, a imaxe da Nosa Señora.

Esta fotografía ten asemade unha característica moi curiosa. Non é unha foto ao uso, senón que, é unha postal para poder enviar a familia unha nota.

A pretensión desta obra é polo tanto a de divulgar a devoción mariana do Libramento e a súa parroquia na que se celebra a Romaría.

Grazas a quen fixo posible escanear esta obra para depositar nos nosos arquivos parroquiais e que hoxe chega aos vosos fogares.



PRADO DA CANDA

Hoxe presentamos unha xoia do patrimonio antigo desta parroquia, o libro da cofradía da Nosa Señora do Rosario. É un libro que se comeza no ano 1853 e que recolle a documentación da fundación desta cofradía. O proceso foi lento, pois, era aprobado polos P. Dominicos e cunhas constitucións que gobernaban aos seus membros.

A fin da cofradía e velar polo ben espiritual dos irmáns, impulsar o rezo do Rosario e a devoción á Virxe María, orar polos fieis defuntos e organizar as celebracións na honra da Virxe do Rosario. Neste libro atópanse referencias moi interesantes.

Os gastos das celebracións: tres días que incluían confesión, varios sacerdotes para as Misas, procesión, danza, gaiteiros e banda de música; eran costeados grazas a venda de millo que se recollía polas portas e a venda de ofrendas como becerras ou incluso vacas. Tamén están como curiosas as compras dos panos para os danzantes. Remata o libro no ano 1919.



Mes de defuntos, tempo de recordar especialmente a quenex xa non están con nós. Os recordamos sempre, pero neste tempo faise mais intenso esta lembranza. No entorno onde vivimos podemos atopar espazos onde, coa tranquilidade do momento, podemos ter algunha conversa con eles, no mais íntimo da nosa soidade. Francisco Rocha

MIÑA MARIPEPA. VAMOS Á FRANQUEIRA .Xota composta por Benjamín Fdez Pazos

Miña Maripepa
vamos á Franqueira
a facer o nudo
xuntos na xesteira.
A facer o nudo
a ver á Santiña
e a beber o viño
que hai na romería.

(mozos)

Dame Maripepa dame,
dame e que non é pecado
unha brasiña de lume
pra encender o cigarro.

(mozas)

O zorro busca a galiña
cando a quere comer.
Deste poleiro, zorriño,
galiña non has de lamber.

(todos)

**Heime casar contigo
anque nosos pais non queiran
porque o temos xurado
diant' a Virxe da Franqueira**